

ANEXO IV

Folla de autobaremación

Conceptos	Denominación	Nº de horas	Total puntos
Méritos formativos relacionados cos equipos de orientación específicos:			
1.1. Asistencia a actividades de formación do profesorado (máx. 2 puntos).			
1.2. Participación como relator/a en actividades de formación do profesorado (máx. 1 punto).			
1.3. Dirección ou coordinación de actividades de formación do profesorado (máx. 1 punto).			
1.4. Participación en programas ou actividades de investigación e innovación educativa que sexan convocados ou recoñecidos pola Administración (máx. 2 puntos).			
Outros méritos formativos:			
2.1. Actividades relacionadas coa orientación educativa ou coa atención á diversidade (máx. 2 puntos).			
2.2. Actividades relacionadas coas estratexias de intervención, organización e dinámica de grupos, coas tecnoloxías da información e da comunicación, ou con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación. (máx. 1 punto)			
3.Publicacións:			
3.1. Publicacións de carácter científico ou pedagógico-didáctico relacionadas coa especialidade que se opta (máx. 2 puntos).			
3.2. Publicacións de carácter científico ou pedagógico-didáctico relacionadas con outras especialidades dos equipos de orientación específica ou a orientación (máx. 1 punto).			
Titulacións académicas (máx. 3 puntos):			
4.1. Título de doutor.			
4.2. Titulación universitaria de grao superior en bioloxía, farmacia, medicina e cirurxía, pedagogía, psicoloxía ou ciencias da educación, ou de grao medio en educación social, enfermaría, fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional ou traballo social; distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que se participa.			
4.3. Titulación universitaria de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que se participa e non recollida no punto 4.2.			
4.4. Titulación universitaria de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o acceso ao corpo desde o que se participa e non recollida no punto 4.2.			
4.5. Outros estudos de posgrao (programa de doutoramento, títulos propios das universidades, másters, etc.)			
5. Cursos de lingua galega (máx. 1 punto).			
Antigüidade:			
6.1. Anos de servizo como funcionario de carreira (máx. 2 puntos).			
6.2. Anos de servizo nunha praza directamente relacionada coa especialidade a que se opta (máx. 1 punto).			
6.3. Anos de servizo no EOE (máximo 2 puntos)			
			Anos de servizo

Resolución do 13 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados específico, entre funcionarias/os do corpo de mestras/mestres, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

Pola Orde do 16 de novembro de 2007 (DOG do 27 de novembro) convocouse concurso de traslados específico, para cubriren prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

En aplicación do disposto na base décimo segunda da referida orde, esta secretaría xeral,

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos por funcionarias/os do corpo de mestres/as no concurso de traslados específico convocado pola Orde

do 16 de novembro de 2007 (DOG do 27 de novembro).

Segundo.-A toma de posesión dos destinos obtidos neste concurso terá efectos o 1 de setembro de 2008 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Terceiro.-Contra esta resolución as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Relación definitiva de mestres/as que obtiveron praza na convocatoria do concurso de traslados específico de educación e promoción de adultos

DNI	1º apelido	2º apelido	Nome	Puntuación	Código	Centro
32414364-G	Creo	Sánchez	Mª Carmen	D. PREF	1502562138	EPAPU Eduardo Pondal -A Coruña-
32426060-Q	de Miguel	Lozano	Mª Carmen	D. PREF	1502562138	EPAPU Eduardo Pondal -A Coruña-
35232515-B	Campos	Piñón	Benito	127,4497	3601888438	EPAPU Artes e Oficios -Vigo-
35991857-P	Faza	Diéguez	Isaura	116,2497	3601888438	EPAPU Artes e Oficios -Vigo-
34604490-R	Nieto	Henríquez	Ángel	106,6666	3601888438	EPAPU Artes e Oficios -Vigo-
33819516-V	Valín	Rodríguez	José Ovidio	101,1666	2702081138	EPAPU de Bonxe- Outeiro de Rei

DNI	1º apelido	2º apelido	Nome	Puntuación	Código	Centro
32613658-A	Vilariño	Anca	José Manuel	93,2486	1502575138	EPAPU Sta. María de Caranza- Ferrol-
32619501-G	Alejandro	Rico	Mª Carmen	92,1664	1502575132	EPAPU Sta. María de Caranza- Ferrol-
33822662-N	Cao	Novo	Regina	89,9165	2760150938	EPAPU Albeiros- Lugo
33809155-Y	Fernández	Freire	Román	87,2497	2760150938	EPAPU Albeiros- Lugo
33832786-Q	Guerreiro	Casabella	Mª Dolores	86,4666	2702081138	EPAPU de Bonxe- Outeiro de Rei
34248399-L	Mondelo	Quintillán	Celso	84,6666	2702081138	EPAPU de Bonxe- Outeiro de Rei
34600289-D	Martínez	Rodríguez	César	76,0831	3602472038	EPAPU A Lama Pontevedra
76401940-B	Ojea	González	Ramón	73,6666	1502562132	EPAPU Eduardo Pondal -A Coruña-
33855927-L	Rodríguez	Flores	Juan José	68,3666	2702081132	EPAPU de Bonxe- Outeiro de Rei
34904319-W	Saco	Dafonte	María	54,6666	3202077132	EPAPU O Pereiro de Aguiar
35251289-V	Piñeiro	López	José Ángel	40,341	3602472038	EPAPU A Lama Pontevedra
33328830-J	Ferreiro	Otero	José Carlos	24,3332	1503265032	EPAPU Teixeira
33849512-K	Fernández	Fernández	Mª Teresa	21,0942	1503265038	EPAPU Teixeira
33336088-A	Barreiro	Moure	Carlos	19,4932	1503265038	EPAPU Teixeira
34936516-E	González	Lovelle	Concepción	17,1666	3202077133	EPAPU O Pereiro de Aguiar

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 17 de marzo de 2008 pola que se fai pública a acción formativa ao Plan de desenvolvemento da xestión local para membros das entidades locais de Galicia.

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), dentro do programa de actividades formativas que se realizarán en colaboración para o ano 2008, e de conformidade co artigo 6.2º da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 xullo,

RESOLVE:

Facer pública a realización da acción formativa Plan de desenvolvemento da xestión local, para cargos electos, dirixido a membros das entidades locais de Galicia, cuxas bases, características e contido se detallan a continuación.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2008.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración
Pública

Bases

1ª Obxectivos.

Un dos principios inspiradores da planificación das actividades formativas da EGAP é o de contribuír, desde o eido da formación, á gran transformación e modernización que se está operando no seo das entidades locais galegas. É por iso que se considera un pilar esencial a formación dos empregados públicos pero tamén a dos cargos electos locais, debido á transcendencia e complexidade das súas funcións de xestión pública.

Con este obxectivo, preséntase o Plan de desenvolvemento da xestión local 2008/2009 dirixido especificamente aos cargos electos das distintas entidades locais de Galicia. A súa finalidade é servir de apoio na mellora e o desenvolvemento da xestión pública

achegando os coñecementos e o adestramento necesarios para que calquera cargo electo poida levar a cabo un perfeccionamento da xestión da súa concellaría e, á vez, poida afondar en materias específicas doutros ámbitos da xestión local. A estrutura flexible que presenta o Plan de desenvolvemento da xestión local baséase na necesidade de adaptar a dita formación ás necesidades persoais e circunstancias profesionais dos asistentes.

Os obxectivos específicos son:

-Actualización de coñecementos, proporcionándolles aos asistentes as ferramentas máis novas na xestión de entidades locais.

-Proporcionar un desenvolvemento profesional que leve consigo unha mellora na eficacia dos seus labores.

-Fornecer as bases necesarias para conseguir a innovación na xestión das súas organizacións.

-Potenciar as actitudes e habilidades que axuden aos asistentes a exercer tarefas de xestión e dirección das súas concellarías.

2ª Contidos:

O Plan de desenvolvemento da xestión local estrutúrase ao redor de sete áreas de coñecemento, algunhas transversais e outras máis específicas, pero todas elas claves na xestión pública: gobernanza local, habilidades persoais e directivas, estratexia e organización aplicada á xestión local, xestión económico-financeira das facendas locais, comunicación e márketing dos servizos públicos, xestión pública de calidade, xestión do territorio e urbanismo.

I. Gobernanza local:

Co fin de que o sistema de gobernanza municipal sexa o máis efectivo posible, é preciso que os integrantes das entidades locais coñezan de forma minuciosa os piares do sistema democrático municipal. Só cunhas boas bases se levantará un bo proxecto de futuro municipal. É polo que se antolla imprescindible un primeiro módulo que explique aos asistentes as regras do «xogo político municipal», tanto desde o punto de vista do Goberno como da oposición; para despois facer especial fincapé na proxección das